

O ANUNCIANTE DO MES:

“Expourense é a casa de todos”

► Entrevista a Alejandro Rubín, director xerente do recinto.

Redacción

Cando se fundou Expourense e con que obxectivos?

Alejandro Rubín: “A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, constituíuse o 24 de decembro de 1992 (aínda que o recinto se inaugurou en 1996) tendo como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense”.

Quen forma parte do Padroado?

A.R.: “Os membros do Padroado de Expourense son a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, cuxo conselleiro, Francisco Conde López, é á súa vez presidente desta Fundación, o Concello de Ourense, a Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, a Confederación de Empresarios de Ourense, Novagalicia Banco, e os Concellos de San Cibrao das Viñas, e de Barbadás. Estas institucións e entidades son as que gobernan os órganos decisórios básicos da Fundación: o Padroado e o Comité Executivo”.

Cantas feiras se celebrarán este ano no recinto? Cal é a de máis éxito?

A.R.: “Celebramos na actualidade unha media de 10 feiras ao ano que xiran en torno ás potencialidades de Ourense, isto é, gastronomía, termalismo, turismo, envellecemento da poboación, industria funeraria... Son, todos eles, eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, ás veces, a nivel internacional.

Á hora de falar do ‘éxito’ das feiras que organizamos

habría que distinguir entre as citas máis profesionais e aquelas orientadas ao público en xeral. Dentro das profesionais, destacan as nosas dúas feiras internacionais: Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, e Funergal, Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios, que se converteron en verdadeiros centros de negocios para o sector e contribúen á internacionalización das empresas presentes. A finais de xuño terá lugar Nortrans, o Salón do Transporte e a Loxística que convoca aos profesionais deste sector de toda a Península.

Xa referíndonos a aquelas feiras mixtas ou orientadas ao público, poderíamos destacar Xantar, Salón Internacional de Gastronomía e Turismo, que logo de 14 anos de historia é xa unha cita imprescindible para os ourensáns que edición tras edición se manteñen feis a ela e consideran como algo propio. En canto á afluencia de público cabe mencionar tamén á Mostra da Oportunidade, que celebramos sempre a comezos de ano, Celebra, o Salón dos Eventos ou Megaxove, a cita de referencia para a mocidade galega na ponte da decembro. Estas citas orientadas ao público xeral convocan a diferentes sectores, servindo de plataforma especialmente para o comercio local, grazas a que contamos co apoio de asociacións profesionais como é o caso dos centros comerciais abertos”.

Ademais das feiras, que outras actividades organizan? Cal é a próxima?

A.R.: “Expourense conta cunhas instalacións modernas e versátiles que o converte no espazo ideal para organizar calquera tipo de evento. Nós organizamos eventos propios como é o caso da xornada de exaltación da calidade, as xornadas de divulgación das enerxías renovables ou o festival de xadrez “Cidade



Alejandro Rubín, director xerente de Expourense. ARQUIVO.

“A situación actual levou aos recintos feirais a reinventarse. Temos que adaptarnos ás necesidades dos clientes”

de Ourense” pero as nosas instalacións e soporte son requeridos tamén por organizadores externos para celebrar nelas as súas actividades como, por exemplo, os distintos salóns do automóbil ou o Rali de Ourense, que será no mes de xuño o vindeiro evento que acollamos”.

Como vos inflúe a crise e como a afrontades?

A.R.: “A situación actual levou aos recintos feirais a reinventarse. Temos que adaptarnos, hoxe máis ca nunca, ás necesidades dos nosos clientes e ofrecerlles ás empresas solucións razoables e innovadoras estando ademais receptivos ás súas demandas. Expourense propúxose, segundo o indicado polos seus órganos reitores, axudar ás empresas transmitindo ilusión e flexibilidade. Empezamos por dotar á feira dun valor engadido e colaboramos cos clientes en todo o proceso de participación nela, formándoo e facilitándolle as ferramentas para que optime a súa participación no noso evento. Fomentamos ademais o desprazamento de visitantes ofrecendo máis servizos e paquetes a prezos axustados para fa-

cilitar a súa presenza en feira ben sexa como expositor ou como potencial comprador.

Por outro lado, o noso obxectivo principal é apoiar ás empresas en materia de internacionalización e na proxección da súa capacidade innovadora, así como servir de plataforma para que autónomos, microempresas e emprendedores poidan atopar novos clientes e mercados”.

Por que vos anuncia-des en Ourense por Barrios e que vos gusta do periódico?

A.R.: “Porque é unha forma de entrar de xeito directo na casa dos veciños e veciñas de Ourense presentándolles as nosas actividades e animándoos a que formen parte delas. Ourense por Barrios, ademais de recoller a información máis destacada da provincia, é un punto de encontro de todos os axentes sociais que traballan a prol da provincia e tamén unha tribuna aberta que os cidadáns aproveitan para expresar as súas opinións. Este xornal reforza o noso lema ‘Expourense é a casa de todos’”.

Etiquener realiza certificacións enerxéticas de inmobles

► Desde o 1 de xuño será obrigatorio este certificado.

Redacción

A partir do 1 de xuño será obrigatorio que todos os edificios dispoñan dunha certificación de eficiencia enerxética. Nela establécese o consumo de enerxía que se estima necesario para satisfacer a demanda enerxética do inmovible nunhas condicións normais de funcionamento e ocupación. Vivendas e locais de obra nova, así como os de segunda man que se vaian vender ou alugar, deberán dispor obrigatoriamente deste Certificado de Eficiencia Enerxética, e corresponde ao propietario solicitalo.

En Ourense, a consultora medioambiental Etiquener, radicada na rúa Doutor Fléming, 28, realiza este tipo de certificacións, a través dun trámite bastante sinxelo. O dono deberá facilitar a referencia catastral do inmovible,

e a partir de aí a empresa realiza un orzamento en base aos metros cadrados indicados na referencia catastral (para Ourense capital estímase en 1,50 euros por metro cadrado). Logo visita o edificio para tomar os datos utilizando unha aparataxe específica para os cálculos exactos, e en 48 horas despois de realizar a inspección, expídese a certificación, válida para dez anos. No 988 106 324 ou en www.etiquener.net ofrecen máis información sobre a tramitación do Certificado de Eficiencia Enerxética.

Desde o xoves 30 de maio, a Xunta de Galicia ten habilitado o rexistro para a certificación enerxética de vivendas, adaptándose así ás esixencias do novo Real Decreto do Goberno central, que fai este trámite obrigatorio nos contratos de compra venda ou arrendamento a partir do 1 de xuño.

Xornada de animación para escolares nos Remedios

Redacción

A Concellería de Participación Cidadá organiza este sábado, día 1 de xuño, a xornada de animación “Móvetes cos Peques”. A cita terá lugar no Pavillón dos Remedios, de 16 a 20 horas e vai destinada a menores de 3 e 12 anos e aos seus proxenitores.

A xornada está organizada no marco do programa “Móvetes cos peques”, que desenvolve ao longo de todo o ano Participación Cidadá, con actividades para os máis cativos en diferentes barrios da cidade.

Os interesados poden participar gratuitamente, sen necesidade de inscrición previa, achegándose

o propio sábado aos Remedios, en xogos deportivos e populares, obradoiros de pastelería reducida, campionatos 3x3 de fútbol sala e baloncesto, obradoiros artísticos e bailes.

Andaina cos nenos

O programa de actividades inclúe unha última proposta para este curso, coa organización da Andaina “Móvetes cos peques”, que terá lugar o sábado, día 15 de xuño, aberta a á poboación en xeral. A ruta comezará no Pavillón dos Remedios ás 10 horas, e percorrerá o Paseo das Ninfas ata Outariz, onde se realizarán xogos ao aire libre e desde onde se regresará ao punto de saída.

Está dirixida a menores de 3 a 12 anos que poden acudir cos seus proxenitores